

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE XUÑO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:05 horas do día 21 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de xuño de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D^a. María Gómez Janeiro (asiste aos puntos 7a, 8a, 9a, 10a)
D^a. Marta Riobó Ibáñez (asiste aos puntos 8b, 9b, 10b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 15 de xuño de 2018

Apróbase a acta da sesión do 15 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal, D^a. Beatriz Barbará Rodríguez e D^a. Marta Riobó Ibáñez.

b) Acta do 18 de xuño de 2018

Apróbase a acta da sesión do 18 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 11 de xuño de 2018, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
2. COVIASSTEC, S.L.

Durante o prazo concedido, só presentou documentación CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., da que se deu traslado ao responsable do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:22	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH49-523EBC-59D922-LUAYY8-HXUUP9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O 19 de xuño de 2018 a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos municipal - FEDER Vigo Vertical, o enxeñeiro Xefe de Vías e Obras da Área de Servizos Xerais e a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
2. COVIASSTEC, S.L.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de “Villa Solita” (Alcabre) (8.846-307) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 19 de xuño de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado pola xefa de Xestión Patrimonial e Territorial o 19 de xuño de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de “Villa Solita” (Alcabre) (8.846-307)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 19 de xuño de 2018 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:22	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH49-523EBC-59D922-LUAYY8-HXUUP9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa de Xestión Patrimonial e Territorial o 19 de xuño de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 19 de xuño de 2018 pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos municipal - FEDER Vigo Vertical, o enxeñeiro Xefe de Vías e Obras da Área de Servizos Xerais e a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico:

1. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.
2. COVIASSTEC, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de "Villa Solita" (Alcabre) (8.846-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.	99,34
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	97,75
3	COPCISA, S.A.	96,84
4	ACEVI, S.L.	96,30
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,74
6	REFORVIGO, S.L.	89,60
7	DICSA, DECORACIÓN, INSTALACIONES Y CONSTRUCCIONES, S.A.U.	87,29

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, OREGA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do



prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.001,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de abril de 2018, polo que non se admite neste procedemento a Tinsa Tasaciones Inmobiliarias, S.A.U. por non cumprir os requisitos de presentación da documentación a través das oficinas de Correos, esixidos no artigo 80.4 do RXLCAP e na cláusula 12.6 do prego de cláusulas administrativas particulares, ao ter anunciado por fax a remisión da oferta unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas (o prazo rematou o 11 de abril de 2018 e o fax recibíuse o 12 de abril, segundo se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral o 16 de abril de 2018).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de elaboración dun estudo de viabilidade económico-financeira que analice a viabilidade e racionalidade da operación de uso e explotación do Estadio municipal de Balaídos, que sirva para determinar a modalidade de explotación a escoller, e que determine no seu caso o canon e prazo de duración (20.056-240) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	IDOM CONSULTIG, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U.	97,72
2	NUEVAS VENTAJAS, S.L.	76,00
3	BDO AUDITORES, S.L.P.	74,50
4	PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L.	66,34
5	VALTECSA	49,82

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IDOM CONSULTIG, ENGINEERING, ARCHITECTURE, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:22	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH49-523EBC-59D922-LUAYY8-HXUUP9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



administrativas particulares (PCAP).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 1.059,90 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 18:22	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AH49-523EBC-59D922-LUAYY8-HXUUP9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		